

MANIFESTO FIN DE MARCHA 2011

Boa tarde a todas e todos, en nome da Asociación Pola Defensa da Ría agradezo a vosa presenza aquí e a todas aquelas persoas e colectivos que, co seu apoio, ano tras ano, conseguen virar a corrente da ría para que veña bater toda contra estas chemineas, contra os muros desta senrazón.

Han caer os muros estes, habemos de abrir os valados; non tardando moito viremos levantar a praia que nos roubaron.

Porque dee nada valen as súas campañas mediáticas, estamos afeitos ás súas mentiras, xa nunca conseguiron calar a evidencia mercando vontades: porque nós respiramos este ar, porque temos memoria, temos ollos e sentidos. Xa noutros tempos andaron a nos prometer mellores perfumes, xa tentaron lavarlle a cara á cheirenta con pinturiñas de cores, mais nós sempre diremos: “aínda que cheire a rosas fóra xa celulosas”.

Por moito que se empeñen en alterar as cifras sabemos que non cumpren, sabemos o dano que levan feito, os perxuízos que levan causado. Que non veñan facer chantaxe cos postos de traballo, este complexo nunca foi a solución, máis ben é o problema: segue a impedir o desenvolvemento dos recursos marisqueiros e pesqueiros da ría, imponnos un sistema de explotación forestal baseado no monocultivo do eucalipto e dificulta o desenvolvemento racional do sector turístico. Hai razóns abondo, claro que as hai, para o cese de actividade de ENCE-ELNOSA, por iso denunciámos no 2008 a concesión das Autorizacións Ambientais Integradas, que consenten, tanto a ENCE coma a ELNOSA, vertidos superiores aos permitidos pola lexislación.

Daquela, a Xunta quixo vendernos as autorizacións ambientais dicindo que a empresa cumpría, en contra dos informes do Concello de Pontevedra e da opinión da maioría social da bisbarra.

Pois ben, eses tres anos van pasar e non estamos dispostos a darlles un minuto máis; esiximos que non se renoven as autorizacións en base aos incumprimentos reiterados da lexislación; porque non vamos tolerar que as administracións continúen a actuar en función dos intereses duns poucos.

Queremos recuperar a Ría, non somos nós os que temos que dar un lugar alternativo a este complexo, non vamos trasladarlle o problema a ninguén, nen vamos permitir que haxa compensacións económicas polo peche.

Esta empresa, que foi condenada por delito ecolóxico, ten a obriga de deixar este espazo como estaba cando chegou e nós temos a obriga de esixirillo, e de lembrar ás administracións que non hai por qué esperar ao 2018, que pode ser xa, agora, no 2011, non renovando as Autorizacións Ambientais Integradas.

O futuro está nas nosas mans e nas nosas voces, fáremonos ouvir no medio deste barullo cheirento e viremos aquí as veces que faga falta; o noso barquiño é de papel mais non vai a pique, navega grazas á vosa forza, e seguirá, contra vento e marea.

En Pontevedra, a 11 de xuño de 2011